

Verín antigo: escavación arqueolóxica na rúa Maior

JUAN NAVEIRO LÓPEZ

Arqueólogo

FERMÍN PÉREZ LOSADA

Fac. de Humanidades de Ourense (Univ. de Vigo)

1. INTRODUCCIÓN

Durante os anos 1993 e 1994 leváronse a cabo sendas intervencións arqueolóxicas de urxencia nos solares nº 21-25 da rúa Maior de Verín (Ourense). A primeira (outubro-novembro do 93, baixo a dirección de M. Xusto Rodríguez) consistiu na realización dunha serie de sondaxes coa fin de valoralo potencial arqueolóxico do devandito solar; o positivo dos seus resultados obrigou a unha segunda intervención (xuño-xullo do 94, dirixida por J. Naveiro López) con carácter de escavación en área que ratificou e ampliou o alto interese arqueolóxico das expectativas iniciais. Ámbalas dúas intervencións, sufragadas polo propietario e constructor do inmovible, foron promovidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia, onde se atopan depositados os correspondentes informes técnicos preliminares nos que se basea o presente estudio¹.

A nivel xeral, ambas intervencións permitiron detectar dous grandes niveis ocupacionais no solar coas súas correspondentes estruturas constructivas e materiais asociados. O primeiro e máis superficial, claramente conectado coa fachada tardogótica do inmovible que aínda se conserva hoxe, abarca un período indeterminado de época baixomedieval; o segundo, máis profundo, asentado directamente sobre o solo natural e en boa parte desaparecido polas ocupacións máis recentes, corresponde á etapa imperial romana. Neste estudio centrarémonos exclusivamente neste segundo nivel, deixando para outra ocasión a presentación e análise dos restos medievais. En absoluto desexamos que esto se interprete como menosprezo do nivel medieval do xacemento², respondendo unicamente á nosa dedicación investigadora centrada no mundo galaicorromano e ó interese en presentar uns restos romanos aparentemente moi limitados e parciais pero que adquiren especial relevancia cando se integran nunha perspectiva de estudio máis ampla e complexa³. Por outra parte,

¹ XUSTO RODRÍGUEZ, Manuel: *Informe valorativo sobre as sondaxes arqueolóxicas nos solares nº 21, 23 e 25 da rúa Maior de Verín (Ourense)*, Santiago, novembro 1993; IGLESIAS DIÉGUEZ, Alfredo e NAVEIRO LÓPEZ, Juan: *Intervención arqueolóxica en Verín (Ourense). Informe valorativo de fin de obra*, Santiago, xullo 1994.

² Moi ó contrario amosa un altísimo interese histórico e arqueolóxico, tanto sexa pola calidade dos materiais atopados —entre eles un vistoso broche de cinto en bronce sobredourado e en orixe decorado con esmaltes ou apliques vítreos— como pola novidosa vía que abre para documentar-la fase de repoboamento medieval que deu orixe ó Verín actual.

³ J. Naveiro investiga principalmente os aspectos comerciais derivados do rexistro ceramolóxico romano aparecido no Noroeste; F. Pérez centra a súa investigación preferentemente na análise dos asentamentos rurais da *Gallaecia* romana. O contexto arqueohistórico e interpretación xeral do núcleo romano verinés xa foi estudiado por nós mesmos noutra ocasión [“Sobre os novos ‘núcleos secundarios’ de época romana en Galicia: o caso de Verín (Ourense)”, *Castrexos e Romanos no Noroeste (Coloquio de Homenaxe a Carlos Alberto Ferreira de Almeida)*, Santiago, 2-4 outubro 1997, no prelo], eximíndonos así de transcribir aquí novamente as abondosas referencias bibliográficas aí recollidas sobre o tema.

tampouco hai que esquecer o valor engadido que supón que o presente estudio proveña dunha intervención de urxencia, nos tempos que corren de tan dificultoso estudio e que só en contadas ocasións desembocan na preceptiva publicación.

2. INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA (VE/RM 94)

A actuación realizouse tal como estaba previsto tralos resultados obtidos nas sondaxes [Fig. 1]: unha escavación en área na parte frontal do solar, ó norte (zona A), e un exhaustivo seguimento de obra na parte posterior, ó sur (zona C); entrámbalas dúas existe unha estreita franxa (zona B), arqueoloxicamente estéril polos desmontes efectuados na fase actual de ocupación do solar.

2.1. Acompañamento de obras na zona C

Esta área caracterízase por ter constituído unha zona de horta probablemente xa desde moi antigo, amosando unha sinxela secuencia estratigráfica que non foi interferida por construción algunha. Así, sobre o nivel de sedimentación aluvial que constitúe a base natural do terreo, aparece unha potente camada de terra orgánica moi escura, sendo a transición entre ambas gradual e pouco definida na meirande parte da superficie analizada. Tal tipo de transición sen dúbida indica que o nivel de terra orgánica debeu depositarse de xeito regular e continuado, non sendo posible distinguir estrato algún —tanto por composición, coloración ou consistencia— que indique unha ocupación específica ou máis intensa nalgún momento ou lugar determinado.

Non obstante, e sen que a secuencia estratigráfica varíe de xeito significativo, no tercio sur da zona apareceron dispersos algúns restos cerámicos antigos que se concentraban xusto no perfil sur do solar, área esta onde foi posible localizar un esquinale de muros de mampostería que se prolongaban baixo o solar colindante. As características constructivas dos muros así como a entidade dos achados —esencialmente tégalas e algún anaco de cerámica romana—, en todo similares ós escavados na zona A, indica claramente a presenza de novas construcións romanas no sector, infelizmente non escavadas ó se ubicaren baixo o solar adxacente con fachada á Avda. Luis Espada. A solución de continuidade entre estas construcións, asentadas sobre a camada escura orgánica, e as da zona A, alicerzadas no solo natural de aluvión, desaparece na área intermedia (zona B); non obstante, e en atención á considerable distancia que as separa (ca. 30 mts.), consideramos case seguro que se trate de dúas edificacións independentes que non pertencentes a un mesmo e vasto edificio unitario.

2.2. Zona B

Tal como xa se comprobara nas sondaxes, a zona B amosa unha completa alteración estratigráfica motivada por sendas remocións de terra que superan os 5 mts. de profundidade. Este corte radical é debido á apertura dun grande pozo e máis á escavación dun soto. O primeiro, feito con paredes de mampostería pétreas, presenta unha certa antigüidade relacionable como mínimo coas etapas iniciais de construción da casa gótica⁴; do segundo, seguramente unha adega, nada podemos dicir acerca da súa cronoloxía.

⁴ No seu interior recolléronse algúns fragmentos de cantería traballada, entre eles un pertencente a un epígrafe do s. XVII.

2.3. Escavación en área na zona A

Para proceder á exhumación total desta zona [Fig. 1] estruturouse a superficie en 9 sectores de diferentes medidas (desde 5x5 ata 5x8 mts.), adaptándose á ubicación das sondaxes previas e executándose de xeito alternado e progresivo para permiti-lo paso de materiais e maquinaria á parte posterior do solar⁵. O punto 0 de referencia foi establecido no ángulo NO do solar, establecéndose a partir do mesmo un reticulado base de 1 x 1 mts. que abrangue a totalidade dos sectores escavados.

O panorama xeral estratigráfico reflexa a intensa ocupación humana do solar nos últimos séculos. A escasa potencia dos niveis antrópicos obrigou ós sucesivos ocupantes a desmontar ou alterar gravemente as construcións e depósitos dos seus antecesores, en especial a primixenia ocupación romana que só se conservou moi parcialmente ás veces incluso de xeito illado e inconexo. Así, na parte norte da zona, cuberta e protexida orixinariamente por un enlousado, foi onde mellor se conservaron os niveis romanos, que tamén puideron ser exhumados de xeito discontinuo pola banda oeste; cara ó sur e leste, polo contrario, desapareceron totalmente por mor da meirande reescavación do terreo en transición ás remocións profundas da zona B.

En todo caso, incluso naqueles puntos onde onde mellor se conservaban os niveis romanos, hai que sinalar que estes tampouco permaneceron intactos. Boa mostra disto é o perfil estratigráfico que ofrecemos [Fig. 2], onde se observa claramente cómo as estruturas romanas, asentadas directamente sobre a camada aluvial natural do terreo, foron sensiblemente damnificadas por diversas remocións modernas, medievais e incluso da propia época romana.

3. A OCUPACIÓN ROMANA

Como xa dixemos, a fase máis antiga de ocupación do solar intervido é de época romana, consistente nunha ampla estrutura constructiva —modesta en canto ó seu nivel de riqueza pero de altísimo interese no que atinxe a súa funcionalidade— asociada a un non menos relevante e específico conxunto de material cerámico.

3.1. Estructuras constructivas

Os diversos tramos de muros descubertos, todos eles de mampostería granítica e anchura media de ca. 55 cms., corresponden a unha mesma e única construción: un edificio de planta rectangular inclinada (orientación N-S e ONO-ENE), grandes dimensións (alomenos 15x16 mts. na parte descuberta) e sinxela compartimentación interna en tan só tres estancias independentes [Fig. 3]. De estas, a única completa é unha considerable sala rectangular (8x10 mts. de espacio interno) dotada dun pequeno pozo circular —ca. 60 cms. de diámetro— ubicado no seu ángulo suroccidental; este detalle fíxonos pensar nun principio en que se tratase dun patio aberto ó redor do cal se disporían as estancias cubertas, idea esta que pronto foi abandonada ó descubriremos na parte norte un magnífico pavimento de terra apisoada e queimada selado baixo unha capa de derrube de tégu-las⁶. As outras dúas estancias son máis estreitas e rodean á anterior polo leste e polo sur⁷.

⁵ En primeiro lugar exhumáronse os sectores I a III (banda oeste do solar) e VII a IX (banda leste) que integraban as sondaxes previas. Posteriormente foi escavado o corredor central de acceso á parte posterior do solar (sectores IV a VI).

⁶ Perfectamente asentado sobre o pavimento e igualmente selado polo derrube apareceu unha ben conservada *meta* de muíño xiratorio circular, probablemente aínda *in situ*.

⁷ A estancia leste acada 5 mts. de ancho interno e a do sur alomenos 5,5 mts. na parte descuberta; malia que descoñecemos canto medían en lonxitude, estas probablemente foron parellas á da sala principal, ou sexa 10 e 8 mts. respectivamente.

O detalle arquitectónico máis salientable e revelador é a existencia de catro grandes vanos nas fachadas norte e oeste do edificio (dous na estancia principal e un en cada unha das laterais) denotados por unhas magníficas soleiras feitas en pedra de cantería. O seu considerable tamaño —ca. 4 mts. no caso da mellor conservada (sala sur)— unido á presenza dun específico sistema de uso —concretamente un canal lonxitudinal continuo que as atravesa na súa totalidade— indica claramente que se trata de algo máis complexo que unhas sinxelas portas peatonais de acceso ó interior do edificio.

A chave para a súa interpretación veu dada pola inmensa similitude existente (tanto en tamaño como en estrutura) con outras soleiras pertencentes a *tabernae*, ou sexa locais destinados a uso comercial e artesanal —tipo as actuais tendas e comercios—, ben coñecidas en ámbitos urbanos como Pompeia (“rúa da abundancia”), Ostia e Herculano [Fig. 5]. A descrición das mesmas coincide plenamente cos restos atopados en Verín, aportándonos así a clave para a interpretación xeral do edificio descuberto que tamén será apoiada, como despois veremos, pola análise do material:

“Os locais de uso comercial ou artesanal (...) ocupan as fachadas á rúa das casas ou o baixo dos inmobles (...); case sempre son dunha única peza, amplamente aberta, ás veces cunha pequena habitación traseira ou unha escaleira que conduce un cuarto superior. Amais de tan estereotipadas características, as tendas distínguense polo seu sistema de peche: as mercadorías son presentadas en escaparate sobre un mostrador que ocupa o ancho da fachada excepto un vano de acceso, de xeito que á noite o comerciante debe asegura-la protección dos seus bens mediante a colocación dun tabique de madeira desmontable. Tal tabique, de pegada conservada entre as cinzas á entrada de numerosas tendas da rúa da abundancia de Pompeia, consiste nunha serie de paneis verticais engarzados e encastrados ó chan nunha canle rebaixada na soleira. Unha folla de porta pivótante sobre un couzón pecha o paso, e dúas longas barras de ferro, pasadas interiormente por aneis fixos ou exteriormente sobre os paneis e maila porta, manteñen solidamente o conxunto gracias a unha pechadura con chave”⁸

Con base nestes claros paralelos resulta posible proceder a unha reconstrución específica do sistema de peche dos vanos do edificio verinés [Fig. 4]: os paneis de madeira desmontables, probablemente catro, irían encastrados no rebaixe lonxitudinal da soleira e seguramente tamén no muro, asegurados interiormente mediante puntais verticais de madeira entre a soleira e o lintel; un dos paneis centrais, tamén doadamente desmontable, funcionaría asemade como porta xiratoria convencional, pechando o conxunto mediante un sinxelo sistema de tranca ó chan e pasador/trabe lateral.

A partir desta probable interpretación do edificio como de funcionalidade comercial cobran sentido algúns outros elementos arquitectónicos aparecidos na escavación. Un deles é a pequena estrutura cuadrangular —ca. 1x1 mts.— adosada no interior da esquina NE xunto á porta da estancia leste, quizais o alicerce dunha escaleira de madeira ó faiado ou, mellor aínda, o basamento lateral do mostrador que iría ubicado inmediatamente por tras do grande vano de apertura⁹. O outro son algúns restos de pavimento de *opus signinum* aparecidos a carón dos muros polos exteriores

⁸ ADAM, Jean Pierre: *La construction romaine. Matériaux et techniques*, Picard, París, 1984, pp. 345-346 e Figs. 730-731 (a tradución é propia). Véxase tamén GINOUVÉS, René: *Dictionnaire méthodique de l'architecture Grecque et Romaine Vol. II. Éléments constructifs*, École Française d'Athènes et de Rome, Roma, 1992, Pl. 26.

⁹ Nun principio pensamos que puidera corresponder a un pequeno forno ou lareira culinaria, hipótese que a total carencia de materiais asociados (cerámica de cociña ou restos alimentarios) e maila inexistencia de cinzas/carbóns ou calquera pegada de queimado semella invalidar.

norte e oeste, que interpretamos como pertencentes a unha beirarrúa perimetral do edificio posiblemente cuberta cun estreito aleiro tellado¹⁰.

Esta específica interpretación comercial do edificio escavado perfila e caracteriza a reconstrución hipotética que ofrecemos do mesmo [Fig. 6], reflexando graficamente a meirande parte dos pormenores arquitectónicos que acabamos de suliñar.

3.2. Materiais arqueolóxicos

A análise dos materiais mobles recuperados na escavación, tanto sexa por tipoloxía como por dispersión e distribución, confirma en boa medida a hipótese funcional derivada do estudo das estruturas constructivas.

3.2.1. Tipoloxía

A práctica totalidade do material atribuíble ó nivel romano está constituído por cerámicas de mesa —na súa maioría vaixela fina de importación (*terra sigillata*)—, resultando altamente significativa a total ausencia de menaxe propiamente de cociña, excelente indicativo de que o edificio de que proceden non ten precisamente unha funcionalidade doméstica e habitacional.

No que atinxe á *terra sigillata*, predominan especialmente as formas lisas máis comúns e repetidas da produción hispánica: pratos da forma Drag. 15/17 [Fig. 7, nº 1-4] e tazas Drag. 27 [Fig. 8, nº 2-3 e 5], aínda que non faltan outras formas menos habituais como os pratos Drag. 36 [Fig. 7, nº 5-6] e a taza Drag. 46 —ou Ludowici Tb— [Fig. 8, nº 4]. Entre as pezas decoradas destaca a presenza dunha fonte Drag. 29 decorada co estilo de métopas [Fig. 8, nº 1]. Malia que ningunha das dúas marcas de alfareiro detectadas —ámbalas dúas estampadas sobre o fondo interno de sendas tazas Drag. 27— resultaron lexibles, tanto os caracteres de fábrica como os punzóns identificados non deixan dúbida de que se trata de produtos rioxanos procedentes dos omnipresentes alfares de Tricio. A nivel cronolóxico, tanto as formas pouco evolucionadas dos pratos 15/17 como o absoluto predominio de estilo metopado na decoración¹¹ levan a sitúa-la data da súa produción entre finais do s. I e inicios do II d.C. (Domiciano-Traiano).

O resto do conxunto cerámico, máis escaso que a *sigillata*, continúa sendo vaixela de mesa, tanto fina como común, toda ela perfectamente encadrable no período altoimperial. Entre as primeiras compre suliña-la presenza dalgunhas pezas vinculables á produción denominada “paredes finas”, en especial unha oliña —forma Mayet XXI— decorada con métopas incisas [Fig. 8, nº 6] e quizais tamén unha xerra de paredes sinuosas moi próxima á produción bracarense [Fig. 9, nº 2] e outro curioso fragmento de inidentificada forma [Fig. 9, nº 1]. Entre as producións máis correntes destacan algunhas tazas de engobe vermello interior [Fig. 10, nº 1-3], outra alaranxada e brunida co perfil carenado quizais imitando ás Drag. 27 [Fig. 10, nº 4], un moldurado borde de botella [Fig. 9, nº 4] e máis unha preciosa xerriña negra brunida aparecida nas sondaxes previas [Fig. 9, nº 3],

¹⁰ A existencia de beirarrúas parcialmente cubertas por aleiros ou balcóns resulta moi necesaria para a protección dos clientes tanto do tráfico rodado da rúa como das inclemencias do tempo, sendo habitual a súa presenza fronte ás *tabernae* pompeianas. Na *Gallaecia* non coñecemos ningún outro caso semellante, aínda que si de corredores columnados ou pilastrados abertos sobre a rúa, moi comúns nos ámbitos urbanos como Lugo, Astorga, Braga e quizais tamén Tui.

¹¹ M. Xusto Rodríguez recolle no seu informe un fragmento de *terra sigillata* aparentemente decorado con círculos, deducindo do mesmo unha cronoloxía máis extensa que atinxiría ata finais do s. II d.C. Se así fose, quizais se trate dunha composición inicial deste estilo, en todo caso pouco relevante en comparación coa omnipresente decoración metopada.

todas elas nidamente diferenciadas dos utensilios de cociña malia á súa pertenza ó grupo da cerámica común.

Mención especial merecen os *pondera* (pesas de tear), non tanto pola súas habituais forma e factura —tipo troncopiramidal sen calquera marca ou ornamentación— pero si polo seu número e concentración: tres exemplares apareceron durante a escavación [Fig. 11, nº 1 e 3-4] e outro máis nas sondaxes previas [Fig. 11, nº 2], todos eles concentrados no fondo da estancia sur [Fig. 3] onde en principio iría ubicado un tear. A excepción de un elaborado, ó parecer, sobre reborde de tégula, os restantes foron fabricados *ex professo*. Outros elementos utilitarios a reseñar son dous discos de mediano tamaño elaborados a partir de tégula [Fig. 11, nº 6] ou ladrillo [Fig. 11, nº 5]; a súa funcionalidade concreta, seguramente de índole tecnolóxica, resulta descoñecida de momento, quizais en relación co propio tear dada a súa ubicación na mesma área de procedencia dos *pondera*.

Por último, respecto á cerámica de cubrición (tégulas e ímbrices), compre suliña-la presenza dalgúñas marcas dixitadas precocción de tipo alfabético¹² [Fig. 10] amais das repetidas e habituais combinacións circulares dixitadas sobre a parte inferior da superficie anterior das tégulas. Probablemente executadas polos operarios da(s) *officina(e)* tegularia(s) correspondente(s), recollémolas aquí polo interese que poden amosar no futuro para a identificación e análise de distribución das pezas producidas nas mesmas.

3.2.2. *Dispersión e distribución*

A dispersión e estado de conservación da maioría dos fragmentos cerámicos resulta especialmente significativa. Así, en efecto, onde o nivel romano se conservou practicamente intacto, boa parte das pezas amosan fracturación *in situ*¹³ e unha total carencia de pegadas de uso ou desgaste, indicando en principio que se trata en orixe de materiais aínda novos. Outra proba, en suma, da funcionalidade comercial do edificio, afastando aínda máis se cabe a idea dun uso exclusivamente doméstico e habitacional para o mesmo.

A distribución de materiais polo xacemento tamén é moderadamente reveladora. A meirande parte dos mesmos procede daqueles sectores onde se conservaron mellor os niveis romanos —*grosso modo* os sectores I a VI da zona A—, especialmente aqueles puntos onde estes apareceron practicamente intactos —pavimento selado por derrube no interior da estancia principal (sector IV) e interior da estancia sur (sector III)— e que contiñan a totalidade das fracturacións *in situ* antes suliñadas. No resto da área intervida, aquelas zonas directamente afectadas por remocións ou ocupacións posteriores —banda surleste da zona A, zona B e metade norte da zona C— non aportaron calquera material antigo, sendo de destacar unicamente as pezas illadas e descontextualizadas recollidas no sur da zona C e máis algúns fragmentos rodados e mesturados con outros materiais aparecidos en sendas e profundas fosas medievais¹⁴, sen dúbida procedentes dos labores de limpeza e desentullo inherentes á reocupación medieval da zona.

¹² Ás recollidas na figura correspondente, procedentes da escavación en área, podería engadirse outra, coa dixitación CV, aparecida nas sondaxes previas (segundo M. Xusto Rodríguez).

¹³ Algunhas sixelatas, por exemplo, están practicamente completas pero fragmentadas en máis dunha ducia de anacos, ata 19 e incluso ata 28 fragmentos en dous casos concretos.

¹⁴ Ubicadas respectivamente nos sectores VII e IX da zona A, están recheas por terras grises aluviais e cantos de río contendo abondosos lixos alimentarios —osos—, cerámicas comúns de cociña e mesa e obxectos metálicos —especialmente un importante conxunto de alfinetes de bronce—, todos eles de época medieval.

4. CONCLUSIÓN


A principal conclusión obtida desta pequena intervención consiste na identificación, por primeira vez no Noroeste Peninsular, dun edificio de índole comercial/artesanal constituído por alomenos tres *tabernae* independentes, ou sexa, locais privados de servizo público destinados á elaboración, distribución e venda de diversos bens de consumo. A específica estruturación constructiva do edificio —pezas únicas abertas á rúa, pavimentos térreos interiores, beirarrúa cuberta perimetral— unido á presenza de elementos arquitectónicos singulares —pozo, basamento de mostrador interno, e, sobre todo, os catro grandes vanos de apertura pechados con tabiques de madeira desmontables— non deixa lugar a dúbidas de tal identificación, confirmada pola análise do material —exclusivamente cerámicas finas de mesa, a maioría delas aínda novas (sen usar) e con fragmentacións *in situ*—. Asemade, tamén resulta totalmente reveladora a inexistencia de calquera indicio que permita supoñer unha finalidade doméstica e habitacional para o edificio, tanto sexan construcións específicas —cociñas, fornos, etc.— como sobre todo materiais —vaixela de cociña e lixos alimentarios—.

A nivel cronolóxico, os materiais indican un período de ocupación moi concreto e limitado comprendido desde a dinastía Flavia ata inicios da Antonina —*grosso modo* desde o último tercio da primeira centuria ata o primeiro da seguinte (primeira metade como máximo)—, preferentemente as dúas últimas décadas do s. I e as dúas primeiras do II d.C. tal como se deduce da *terra sigillata* hispánica, principal e máis fiable criterio de datación aparecido no xacemento.

Evidentemente resulta moi difícil saber cáles eran as mercadorías concretas comercializadas nestas *tabernae* verinesas. O rexistro arqueolóxico unicamente reflicta con claridade a venda de vaixela de mesa —tanto fina importada (TSH e “paredes finas”) como común de produción local/rexional—, probablemente manufacturas artesanais —tecidos— e quizais tamén produtos agrícolas —fariñas—, ámbolos dous elaborados no propio local —tear da estancia sur e muíño da estancia principal—. A total ausencia de ánforas indicaría en principio que non foron comercializados produtos alimentarios alleos típicos do transporte marítimo —viño, aceite e salazóns de peixe—, aínda que tamén é verdade que estes poderían ter chegado a un punto tan interior como Verín noutros tipos de contedores non cerámicos —barricas e toneis de madeira— que dificilmente deixan pegada no rexistro arqueolóxico. Intuímos en consecuencia que estas tendas non terían unha especialización moi marcada, abranguendo un amplo abano de bens tanto de importación terrestre —especialmente cerámicas— como de produción local/rexional —manufacturas e produtos agropecuarios—.

Quizais resulte sorprendente que un edificio de funcionalidade tan específica e de romanidade tan marcada, practicamente exclusivo dos ámbitos urbanos, apareza nun lugar como Verín, aínda que non tanto se consideramos que se insere nun enclave romano de moderado tamaño (ca. 9 has.), incipiente conformación urbana (sinxela malla pseudoortogonal de rúas) e marcado carácter viario (vía Chaves-Ourense e cruzamento con outras menores, ponte sobre o Támeiga), económico (mercado comarcal) e quizais tamén político-administrativo (¿capital, oficiosa ou oficial, de *civitas*?)¹⁵. Xa que logo, o edificio exhumado en Verín, lonxe de ser unha realidade incompreensiblemente illada e singular, responde perfectamente ós fins comerciais e de prestación de servizos característicos destes novos “núcleos secundarios”, células orixinarias de protourbanismo, claves para a estruturación e integración económica do hábitat rural e, en suma, importantísimos centros de romanización.

¹⁵ Para un desenvolvemento en profundidade destas cuestións véxase o noso artigo sobre Verín citado na nota 3.



RÚA MAIOR

FIG. 1. Planimetría xeral do solar nº 21-25 da rúa Maior de Verín, con indicación das sondaxes previas e os sectores de escavación en área.




FIG. 2. Perfil estratigráfico leste do sector I.

- II Nivel medieval e posterior
 - a Ocupación medieval
 - b Intrusión moderna
- III Nivel romano
 - a Derrube de estruturas
 - b Escavación previa á destrucción do edificio
 - c Pavimento térreo
 - d Sedimento de ocupación
- IV Nivel natural aluvial




FIG. 3. Planimetría do edificio romano (zona A).





FIG. 4. Planimetría específica da soleira do vano da estancia sur (sector III) e reconstrución hipotética do seu sistema de peche.





FIG. 5. Soleira e painéis de peche de sendas *tabernae* da chamada "rúa da abundancia" en Pompeia (segundo J.P. ADAM 1984, Figs. 730-731).




FIG. 6. Reconstrucción hipotética en perspectiva isométrica do edificio romano da rúa Maior de Verín.




FIG. 7. *Terra sigillata* hispánica. Pratos da forma Drag, 15/17 (nº 1-4) e Drag, 36 (nº 5-6).




FIG. 8. *Terra sigillata* hispánica e "paredes finas". TSH: fonte decorada Drag. 29 (nº 1), tazas Drag. 27 (nº 2-3 e 5) e Drag. 46 (nº 4). "Paredes finas": oliña forma Mayet XXI (nº 6).




FIG. 9. Cerámica fina e común de mesa: forma inidentificada (nº 1) e xerra (nº 2) tipo "paredes finas", xerriña negra brunida (nº 3) —sobre debuxo orixinal de M. Xusto Rodríguez— e borde de botella (nº 4).





FIG. 10. Cerámica común de mesa: cuncas de engobe vermello (nº 1-3) e taza alaranxada de imitación Drag. 27 (nº 4). Marcas dixitadas precocción sobre tégula.




FIG. 11. *Pondera* cerámicos (nº 1-4) e discos recortados sobre ladrillo (nº 5) e tégula (nº 6). O debuxo nº 2 é da autoría de M. Xusto Rodríguez.



FOT. 1. Aspecto xeral da estancia da esquina do edificio vista desde o norte. En primeiro termo parte das soleiras dunha das portas e, ó fondo, o pozo e mailas soleiras da porta da estancia veciña. Os muros que se observan no centro son estruturas medievais.



FOT. 2. Detalle do pavimento térreo, *meta* de muíño circular *in situ* e maillo nivel de derrube do interior da estancia principal.



FOT. 3. Esquina SO da estancia principal en proceso de escavación, cando xa agromaban tanto os muros como o pozo circular.



FOT. 4. Detalle do pozo unha vez totalmente escavado.